



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Negociado de Educación

*Bases para a participación no ciclo domingos a escena 2023*

#### EDICTO

Mediante resolución do Concelleiro delegado de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas de data 20 de decembro de 2022, aprobáronse as bases para a participación no ciclo Domingos a Escena 2023.

O artigo 45 la Lei 39/2015 establece que os actos administrativos serán obxecto de publicación, surtindo ésta os efectos da notificación cando o acto teña por destinatario a unha pluralidade indeterminada de persoas.

Polo tanto, e nos termos da citada norma procédese á publicación de ditas bases, determinando esta publicación o inicio do prazo para a presentación de solicitudes, nos termos indicados na base sexta.

“**BASE PRIMEIRA.** Obxecto.

No exercicio da competencia municipal de promoción da cultura, concretamente das artes escénicas, ofértase o acceso de balde aos veciños e veciñas de Ferrol a un ciclo de representacións teatrais.

Este ciclo de representacións teatrais levarase a cabo a través de compañías de teatro amator.

Sendo o fin perseguido a prestación de servizos culturais para os cidadáns de Ferrol, a relación entre este Concello e as asociacións de teatro afeccionado teñen o carácter de relación onerosa suxeita á prestación e contraprestación.

**BASE SEGUNDA.** Participantes.

Poderán participar neste ciclo as compañías de teatro amator legalmente constituídas.

Non se limita o número de obras presentadas por asociación participante, se ben o concello – neste suposto- optará unicamente por unha delas, salvo no caso de que o número de obras escollidas sexa insuficiente para atender ao período obxecto de programación.

En todo caso quedan excluídas aquelas obras representadas neste ciclo nas tres últimas convocatorias.

**BASE TERCEIRA.** Lugar da representación das obras.

Tódalas obras serán representadas no Centro Cívico de Caranza.

O ciclo abranguerá o período comprendido entre o 2 de abril e o 18 de xuño de 2023, e o período entre o 17 de setembro e o 17 de decembro de 2023.

As representacións levaranse a cabo os domingos ás 19.00h, sen prexuízo da modificación puntual, a cal se determinará por resolución da Concellería.

**BASE CUARTA.** Normas de participación.

- Capacidade xurídica

Requirirase que a compañía amateur estea legalmente constituída como asociación, o que determinará a súa capacidade xurídica ante este concello. Corresponderá aos solicitantes acreditar tal extremo mediante o correspondente declaración responsable, nos termos do artigo 69 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Comun das Administracións Públicas.

Así mesmo acreditará a posibilidade de vincularse xurídicamente para levar a cabo a prestación antes referida mediante unha declaración responsable de estar ao corrente do pagamento das obrigas tributarias a nivel estatal e autonómico e coa Seguridade Social.

- Contido da actividade

Corresponderá ao solicitante acreditar a autorización da Sociedad General de Autores y Editores, para o caso de que a obra non sexa orixinal do grupo de teatro.

Ademais, a compañía solicitante deberá achegar:

- DVD da obra ou enlace co fin de poder visualizar a obra.

- Foto promocional da obra.
- Ficha técnica e artística, incluída duración.
- Sinopse da obra.

**BASE QUINTA.** Subsanación

A omisión da documentación e información anteriormente referida implicará a apertura dun período de subsanación de dez días.

Transcorrido o dito prazo, dende a súa notificación ao interesado, se entenderá desistido da súa solicitude á entidade asociativa no suposto de que non levase a efecto a subsanación requirida.

**BASE SEXTA.** Formalización da solicitude de participación no ciclo.

O prazo para formalizar as solicitudes será de quince días a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria deste ciclo, segundo o modelo anexo a estas bases.

A súa presentación poderá formalizarse no rexistro electrónico deste concello ou no rexistro electrónico da Administración Xeral do Estado, Comunidades Autónomas ou Entidades Locais, ou en calquera das oficinas e entidades indicadas no artigo 16.4 da Ley 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**BASE SÉTIMA.** Selección de solicitudes.

Concluído o período de presentación de solicitudes, e por parte do persoal técnico do servizo de Cultura realizarase a proposta das compañías seleccionadas. O número de asociacións seleccionadas superará en seis o número de representacións previstas para a correspondente tempada, as cales terán o carácter de suplentes para a cobertura de calquera eventualidade que impida a execución dunha obra no día acordado.

Efectuada a selección e determinada a data de actuación para cada unha das obras seleccionadas, notificarase a tódolos solicitantes a resolución resultante.

**BASE OITAVA.** Características do centro; obrigas das compañías.

O espazo onde se desenvolverán as representacións ten as seguintes características:

- Un escenario cun longo de boca de 11 m e un ancho máximo de 4,20 m. Conta cun paso traseiro e acceso ao escenario dende os camaríns.
- Iluminación:
  - Barra frontal en teito de sala con 12 circuítos.
  - Mesa de luces MIKADO ADB 12-24 CH.
  - Dimmers MIKAPACK 15 2 x 6 ch (12 ch 3Kw)
  - 4 Fresnel 1 Kw TRITON .
  - 2 Recortes 25-50° 750W TRITON STUDIO. con portagobos e iris
  - 6 par 64 1Kw lámpada nº 5 (posibilidade de cambiar por nº 2 se se solicita con antelación)
- Son:
  - 2 Caixas auto-amplificadas YAMAHA DXR12 400w con trípode.
  - Rack de conexións XLR-3 escenario-cabina 16 + 4
  - Mesa YAMAHA analóxica 12 Canles.
  - 2 Micrófonos vogais dinámicos marca SENNHEISER mod. E 835 S
  - 2 Pés trípode de xirafa para micro
  - 2 Soportes de mesa para micro.
  - CD dobre reproduutor marca OMNITRONIC modelo XDP 2800 con USB e lector tarxeta SD.

Será por conta do persoal do grupo a carga e descarga do material, así como a montaxe e a desmontaxe do mesmo.

**BASE NOVENA.** Pagamento.

Establécese unha retribución por obra representada de 650 € (exenta de IVE).

O abono da dita retribución realizarase previa presentación da factura, unha vez concluída a representación, e previo informe favorable do cumprimento das obrigas que corresponden a cada unha das compañías seleccionadas (montaxe, representación, desmontaxe, etc.).”

## ANEXO I

## SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CICLO DOMINGOS A ESCENA 2023

Nome do grupo			
Enderezo e CP			
Concello			
Provincia			
Teléfonos e fax			
CIF			
Web e correo electrónico			
Responsable da compañía			
Enderezo e CP			
Concello			
Provincia			
Teléfonos e fax			
CIF			
Web e correo electrónico			
Obras presentadas:			
Título			
Autor			
Xénero		Duración obra	
Duración montaxe		Duración desmontaxe	
Título			
Autor			
Xénero		Duración obra	
Duración montaxe		Duración desmontaxe	
Título			
Autor			
Xénero		Duración obra	
Duración montaxe		Duración desmontaxe	

Ferrol,..... de .....de 202

(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO CICLO DOMINGOS A ESCENA 2023**

- Declaración responsable de estar ao corrente do pagamento das obrigas tributarias(autonómica e estatal) e coa Seguridade Social (modelo anexo) e de que a asociación está legalmente constituída. (modelo anexo)
- Autorización da SGAE, para o caso de que a obra non sexa orixinal do grupo de teatro.
- DVD da obra ou enlace co fin de poder visualizar a obra..
- Foto promocional da obra.
- Ficha técnica e artística, incluída duración.
- Sinopse da obra.

A DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTE DEBERÁ SER ORIXINAL OU COPIA COMPULSADA.

Ferrol,.....de .....de 202

(sinatura)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL

**ANEXO II****DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DE SEGURIDADE SOCIAL ASÍ COMO DE QUE A ASOCIACIÓN ESTÁ DEBIDAMENTE INSCRITA NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS**

Don/a.....

DNI.....

Actuando en representación da entidade.....

CIF.....

Enderezo: .....

En relación ó ciclo Domingos a Escena 2023

**Declaro baixo a miña responsabilidade:**

- Que a entidade ....., esta ao corrente no cumprimento das súas **obrigas tributarias** e coa **Seguridade Social**, comprometéndose a manter esta situación durante todo o prazo de tramitación do expediente, e autoriza ao concello a comprobar, no seu caso a veracidade do declarado.
- Que a entidade .... está debidamente inscrita no rexistro de asociacións comprometéndose a manter esta situación durante todo o prazo de tramitación do expediente, e autoriza ao concello a comprobar, no seu caso a veracidade do declarado.

E para que así conste e surta os efectos oportunos asino a presente en

Lugar, data e sinatura do representante:

Ferrol, 9 de xaneiro de 2023

O concelleiro delegado de Cultura, Educación, Universidade, Deportes e Festas

Antonio Golpe Díaz

2023/92